



ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS CELEBRADA O DÍA 17 DE NOVIEMBRE DE 2016

Na Sala de Reunións dos Servizos Electromecánicos, no Concello de Vigo (2º andar), sendo as 10,00 horas do día 17 de novembro de 2016, reúnese en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar as ofertas para contratos menores de obras, segundo a Instrucción de Servizo do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 20.02.2015.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente.- D. Aurelio Adán Fernández – Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos que actúa por delegación de D. David Regades Fernández, concelleiro Delegado da Área de Fomento que se atopa ausente.

Vogal.- Dª Carmen Pintado García – Xefa do Servizo Transportes

Secretario.- Dª Elvira Casás Muras – Xefa de Negociado da Área de Fomento.

Asiste como público, D. Manuel Alonso Vasconcellos con DNI 36.162.266X en representación da Federación Galega de Construcción.

No anuncio publicado na páxina web municipal (perfil do contratante) se fixou a data de hoxe para a celebración do presente acto público, relativo á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentadaos polos interesados nos seguintes expedientes:

1º.- EXPEDIENTE 4.028-440

Obxecto do contrato	Reposición e reparación das instalacións de protección contra lumes no Edificio Consistorial
Orzamento máximo de licitación (IVE non incluído)	49.865,25 €

Se procede á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a proposición económica presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado (sen IVE):

Nº	LICITADOR	OFERTA
1	IAM RUMBO, INSTALACIONES Y OBRAS	35.125,08 €
2	FIREOFF, ATLÁNTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS	44.878,72 €
3	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	48.490,00 €



De acordo co previsto nas Instruccións citadas sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor, recollido no punto 13 do anuncio, procédese a calcular a media aritmética das ofertas admitidas (42.831,27€ IVE non incluído). Unha vez calculada a media aritmética se resta un 10% á mesma, resultando que aquelas ofertas que se atopen por debaixo dese umbral ou límite (que é de 38.548,14 € IVE non incluído) son excluídas.

Aplicando o sinalado no parágrafo anterior, se exclúen por conter valores anormais ou desproporcionados a oferta correspondente á mercantil que se cita a continuación:

- IAM Rumbo, Instalaciones y Obras.

Resulta, polo tanto, que a **oferta económica máis ventaxosa** e que non se encontra incurso en valores anormais ou desproporcionados é a presentada pola mercantil **FIREOFF, Atlántica de Sistemas contra incendios.**

Vigo, 17 de novembro de 2016

A Secretaria da Comisión.- Elvira Casás Muras

A Presidente da Comisión.- Aurelio Adán Fernández